

FUNDACIÓN
Breogan



Memoria Anual

2022



ÍNDICE

03 ORGANIGRAMA

04 PRESENTACIÓN

PROXECTOS 2022

07

Máis que basket no rural



22

Luz ó deporte



11

Xornadas de tecnificación



27

Prevención de adiccións



13

Liga Senior 3X3



28

Doazón benéfica



15

Basket na Rúa



29

Ningún aro sen rede



17

Torneo 3X3 na Rúa



37

Mini Copa Liga Endesa



18

Experiencia Breogán



40

Colaboracións



43 SOPORTES PUBLICITARIOS



PRESIDENTE
Narciso Fernández
Empresario



VICEPRESIDENTE
José Antonio Caneda
Notario



SECRETARIO
Alfonso Orol
Persoal eventual
Concello de Lugo



VOCAL
Carmen Lence
Representante do C.B.
Breogán



DIRECTOR
Salvador Arco Frías
Ex xogador profesional de baloncesto.
Graduado en Marketing e Estudo de Mercado




A NOVA E RENOVADA **FUNDACIÓN BREOGÁN** nace da necesidade do C.B. Breogán por dispor dunha plataforma dende onde poñer en relevancia e fomentar tódolos valores do deporte en xeral e do baloncesto en particular.

O C.B. BREOGÁN é o Club por excelencia da provincia de Lugo e un dos máis importantes de Galicia. Na actualidade compite na máxima categoría do baloncesto español e, por primeira vez en moitos anos, en competición europea. Dispón dunha gran relevancia, influencia e repercusión mediática en tódolos sectores da sociedade, e o máis importante, o apoio incondicional dunha gran masa social e de moitísimos seguidores polo mundo. É por isto que o C.B. Breogán, a través da Fundación Breogán, ten a obriga de devolver ós seus afeccionados parte de todo ese apoio, e ó mesmo tempo, aproveitar o impacto que supón na sociedade para inducir e influir de forma positiva nela.



Os nosos OBXECTIVOS son moi claros, e así se transmiten nos estatutos fundacionais:

“Fomentar os valores inherentes á práctica deportiva, en especial do baloncesto e de tódalas súas especialidades, e a promoción desta como instrumento educativo susceptible de contribuir ó desenvolvemento integral da personalidade dos que o practiquen, tendo en conta o contexto social no que se desenrola, e tamén como factor de integración social en beneficio dos que padecen calquera tipo de marxinación por calquera causa.”





Con carácter meramente enunciativo e non limitativo, o percorrido da Fundación Breogán ven marcado polos seguintes FINS FUNDACIONAIS:



Salva Arco, Director da Fundación Breogán, durante a presentación oficial ante os medios o pasado 12 de Decembro de 2021.

- Fomentar e inculcar os valores do deporte entre tódolos sectores da sociedade lucense (masculino, feminino e tódalas franxas de idades, con especial atención e apoio a persoas con discapacidades, sen discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social). Podendo extender o ámbito de actuación a calquera recuncho da comunidade autónoma de Galicia.
- Divulgar e promover o deporte co fin de acadar hábitos saudables de práctica deportiva, incorporando deportes minoritarios e novas modalidades deportivas.
- Fomentar a formación e cualificación profesional en materia deportiva.
- Estar presentes no día a día da sociedade lucense. Colaborar, impulsar e crear convenios con entidades como institucións sociais, culturais, artísticas, docentes, benéficas e deportivas. Levar a cabo actividades inclusivas, solidarias/benéficas, que poñan en valor o patrimonio medioambiental, da humanidade e cultural de Lugo, e actividades educativas e sociais.
- Aumentar o sentimento de pertenza do C.B. Breogán entre a sociedade. Consolidalo como parte indispensable dentro desta.
- Poñer en contexto a figura do C.B. Breogán como ferramenta social, capaz de influir e inducir a un cambio positivo en calquera aspecto da sociedade.



Vídeo da presentación:

<https://youtu.be/NDkpdJ3JX4Y>



E con estas directrices foi como iniciou o seu percorrido a Fundación Breogán. Este 2022 foi un ano de moitos proxectos, actividades, colaboracións e grandes propósitos.

Queremos ser referentes no fomento dos valores do deporte dende tódalas súas variantes e para todos. A Fundación Breogán ten que ser inclusiva, ten que chegar aos que máis o necesitan e estar aberta a tódalas persoas, físicas ou xurídicas. Debemos aproveitar o deporte como ferramenta capaz de moldear á sociedade, de influir en hábitos saudables, en conductas positivas e comportamentos éticos.

A nosa **VISIÓN** é clara, sentar as bases dun proxecto sólido, de futuro e útil



Para todo isto, dispoñemos do noso maior compromiso e responsabilidade. Baixo o respaldo do C.B. Breogán, a Fundación Breogán é una entidade independente, cuxo patronato compóñeno algúns dos mellores profesionais nos seus sectores do noso país. Cunha organización profesional, comprometida e consciente do impacto e da importancia de cada acto. Tan só así entendemos o poder levar a bó porto a nosa misión.



MÁIS QUE BASKET NO RURAL

Neste primeiro ano, tivo lugar esta actividade nos Concellos de Palas de Rei, Begonte e Friol. O proxecto foi un éxito total, tanto polo alcance e a participación dos inscritos, como pola implicación dos Concellos.

Proxecto formativo, deportivo e social que busca achegar tódolos beneficios do baloncesto ó rural lucense. Da man do **C.B.Breogán** e das nosas empresas benefactoras **Río de Galicia** e **Pazo de Vilane**, a Fundación Breogán realizou durante 5 semanas en cada Concello, distintos actos e actividades. O principal obxectivo foi o de dinamizar á súa poboación, aportar valor en diferentes áreas de gran importancia na educación dos inscritos/as e sentar as bases para que, nun futuro a curto prazo, nenos/as e adolescentes poidan gozar dun deporte como o baloncesto.



Inauguración oficial do proxecto, que tivo lugar na Praza do Concello de Palas de Rei, o 26 de Febreiro de 2022.

datos

- Preto de 100 inscritos.
- Agasallo de 86 balóns e camisetas.
- 30 adestramentos de baloncesto.
- Presencia de xogadores como Trae Bell, Jordan Sakho e os irmáns Quintela.
- Entrega de 3 canastras adaptables en altura.
- Case dous centos de asistentes ás distintas charlas.
- Inscripción gratuita.



Vídeo da inauguración:
<https://youtu.be/wcF-pnu74b4>



FESTA DE INAUGURACIÓN

Ten lugar nun espazo público, a decidir polo Concello, onde se presenta o proxecto. É unha actividade lúdica, con canastras, música, *speaker*, agasallos, xogos, inchables, carpa e *stand* da Fundación, e **MAXIMUS** (a mascota do C.B. Breogán).



Máximus e Jacobo (DJ e *speaker* do C.B. Breogán) animando os *Máis que Basket no Rural*.

10 ADESTRAMENTOS

A base do proxecto inclúe 10 sesións de adestramento realizadas por adestradores titulados e monitores con experiencia neste tipo de actividades. A maiores do persoal da Fundación, os rapaces/as tamén reciben a visita de xogadores do **C.B. Breogán** e dispoñen de todo o necesario para a práctica do baloncesto máis profesional.



Jordan Sahko, xogador do C.B. Breogán, presente nun dos adestramentos no Concello de Begonte.

NUTRICIÓN PARA DEPORTISTAS NOVEIS

Outra das partes imprescindíbeis para a Fundación, é a formación. Por isto, non só queremos que os rapaces/as aprendan e adestren baloncesto, senón que tamén dispoñan dunha aprendizaxe en temas tan importantes como os hábitos saudables e a nutrición. Desta forma, **Marta Fandiño**, dietista e nutricionista en **Nutripasos**, foi a responsable de elaborar e presentar unha charla adaptada ás idades dos nosos inscristos/as onde se trataron os seguintes temas:

Nutrintes e dieta equilibrada.
Almorzos e merendas saudables.
Alimentación antes e despois de practicar exercicio.
Mitos alimentarios.



Video resumo *Festa da Xuventude*:
<https://youtu.be/TfUNtNTrE7g>

Marta Fandiño impartindo a charla de nutrición para deportistas noveis no Concello de Palas de Rei.





MULLERES EMPREENDEDORAS NO RURAL

Carmen Lence (Conselleira Delegada de Río de Galicia) e **Nuria Varela-Portas** (Xerente de Pazo de Vilane) puxeron a súa experiencia no mundo do emprendemento e a súa relación co rural ó servizo dos asistentes ás charlas. Conducidas por **María Nieto** (xornalista e comunicadora), completaron unha charla/coloquio en cada un dos Concellos antes expostos, onde a maiores de falar de emprendemento e do rural, compartiron as súas anécdotas e a súa visión do papel da muller no mundo empresarial.



Vídeo resumo da charla:
<https://youtu.be/NWuSABF18hA>

Nuria Varela-Portas, Carmen Lence e María Nieto, na charla / coloquio de Pallas de Rei.

Dous proxectos empresariais, dous proxectos de vida
 que teñen as súas raíces no rural galego.
 Unha mesma filosofía, emprender dende o respecto á tradición ata acadar ser
 unhas referentes empresariais.





ENCONTRO DO C.B. BREOGÁN

O proxecto incluíu a experiencia de gozar dun encontro do C.B.Breogán no Pazo Dos Deportes. Tódolos rapaces/as inscritos no Máis Que Basket No Rural presenciaron en directo un partido da Liga ACB.

MÁIS

A maiores de todo o exposto ata o de agora, a Fundación Breogán agasallou a cada inscrito cunha **camiseta personalizada do proxecto** e un **balón de baloncesto**. Sen esquecermos das 3 canastras que aportamos ós Concellos para que, independentemente da nosa presenza, os rapaces/as poidan seguir a practicar o seu deporte favorito.



Inscritos o *Máis que basket no rural* do Concello de Friol felices coas entradas para presenciar un encontro do C.B. Breogán.



Foto de familia do último adestramento no Concello de Begonte, acompañados polo Sr. Concelleiro D. Luis Luaña Castelo.



Inscritos o *Máis que basket no rural* coa súa camiseta e balón da Fundación Breogán. Ó fondo, a canastra doada ó Concello de Palas de Rei.



Video da clausura:
<https://youtu.be/wTjUPxvpw0A>



XORNADAS DE TECNIFICACIÓN

A Semana Santa do 2022 foi moi especial para os 50 rapaces/as de entre 8 e 16 anos, que en menos de 48 horas esgotaron as inscricións para as I Xornadas de Tecnificación da Fundación Breogán.

As Xornadas de Tecnificación tiveron lugar no Anexo do Pazo Dos Deportes. Ao longo de tres días (11, 12 e 13 de Abril), e de 9h a 17h, os 50 inscritos tiveron a oportunidade de mellorar o seu baloncesto a través do equipo de adestradores da Fundación e os seus ídolos do C.B. Breogán.

Tres intensas xornadas para dar a coñecer o que conleva ser un xogador profesional de baloncesto.



datos

50 inscritos/as. 100% das prazas ofertadas.
 Completáronse as inscricións en menos de 48 horas.
 Menú para deportistas adaptado ó seu rendemento.
 Agasallo para cada inscrito: equipación e botella personalizada.



Vídeo resumo das xornadas:

https://youtu.be/Z_xV74chIDg



CLÍNICAS

Clínicas de perfeccionamento a cargo da plantilla e do cadro técnico do C.B. Breogán da tempada 2021/22. **Musa**, os irmáns **Quintela**, **Mahalbasic**, **Kalinowski**, **Trae Bell-Haynes** e todo o corpo técnico traballaron distintos conceptos de ataque e defensa con tódolos rapaces/as. Sen dúbida, todo un luxo para os participantes.



Veljko Mršić, adestrador do C.B. Breogán traballando co grupo dos maiores a técnica de tiro.

TALLERES

Taller sobre alimentación e hábitos saudables.

Taller de vendaxes funcionais en baloncesto impartido polo fisioterapeuta do C.B. Breogán, **Pablo Duarte**.



Pablo Duarte impartindo o taller de vendaxes funcionais de baloncesto no cal os rapaces/as puxeron en práctica o aprendido.

CHARLA RUBÉN PORTES

Rubén Portes, preparador físico do C.B. Breogán, impartiu unha charla sobre cómo prepararse para a práctica deportiva, hábitos para mellorar o rendemento deportivo e como traballar para previr lesións.



O grupo dos "pequenos" asisten coa máxima atención ás explicacións de Rubén Portes.

ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Unha última actividade lúdica na que gozaron das magníficas instalacións do D10 Centro Deportivo. Distintos xogos, competicións e actividades acuáticas para rematar tres días de moito aprendizaxe.



A última tarde das Xornadas os inscritos/as gozaron dunha merecida sesión de piscina.



LIGA SENIOR 3X3



Tódolos participantes da Liga Senior 3X3, posan na pista central do Pazo xunto a Salva Arco e demais membros da organización.

"Torneos deste tipo fan moita falta en Lugo. Para nós, os xogadores veteráns, supuxo un punto de encontro coas nosas amizades." Pablo Villar, Enxebres.

Logo de moitos anos, a Fundación Breogán trouxo a Lugo a I Liga Senior 3x3. Unha Liga Senior (maiores de 30 anos) en formato 3x3 que tivo lugar os días 20 e 27 de Maio, 3, 17 e 25 de Xuño, na pista principal do Pazo Dos Deportes.

Durante os catro primeiros días de competición, os máis de 60 participantes, déronse cita cada venres ás 20:30 para disputar os seus encontros.

Unha liga con 72 encontros en total, competición de triplas, unhas instalacións de primeiro nivel e con todos os alicientes para gozar do baloncesto no seu máximo esplendor. Árbitros, oficiais de mesa, balóns específicos para esta modalidade, equipacións persoalizadas para tódolos inscritos... e un terceiro tempo, cortesía do Grupo Terras de Lugo, no que relaxarse logo das dúas horas de encontros, recuperar enerxía e compartir uns bós momentos entre tódolos participantes.



FINAIS E ENTREGA DE TROFEOS

Para o derradeiro día, o 25 de Xuño, reservamos as semifinais e finais da Liga 3x3 e o concurso de triplas. Un día que inicialmente tiñase que celebrar na Praza de Augas Férreas, rematou celebrándose, por motivos meteorolóxicos, nas instalacións anexas ó **Pazo Dos Deportes**. Con máis de 200 persoas gozando nas bancadas dos diferentes encontros, **Pista Floja** alzouse co título da I Liga Senior 3x3 e **Mario Fernández** foi o gañador do concurso de triplas.

Premios, trofeos e recoñecementos individuais clausuraron esta I Liga Senior 3x3 da Fundación Breogán. Foron os propios membros da organización, xunto a **Jesús García** (representante de Río de Galicia), **Alfonso Orol** (Patrón da Fundación Breogán), **Javier Morandeira** (representante de Delicias y Vinos) e **Salva Arco** (Director da Fundación Breogán) os encargados da súa entrega.



Enxebres e Pista Floja disputaron unha emocionante e igualada final na que resultaron vencedores estes últimos.



Os gañadores recibindo unha cesta de produtos *delicatessen* cortesía de Javier Morandeira.



Intres da final do concurso de triplas. Mario Fernández, despois de realizar unha gran serie, conseguiu acadar o título.

datos

- 9 equipos inscritos.
- 72 encontros e 34 rondas no concurso de triplas.
- Equipación persoalizada para cada inscrito.
- Trofeos, medallas e recoñecementos individuais.
- Cesta de produtos *delicatessen* cortesía de Delicias y Vinos.
- Cena para todos despois de cada xornada ligueira.



Vídeo resumo da liga:

<https://youtu.be/EdUJ4Kfrtvw>



BASKET NA RÚA

Da man da **Fundación Breogán** e do **Servizo Municipal de Prevención de Drogas e Outras Adicións Comportamentais**, incluído no **Programa +XTI (Área de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo)** tivo lugar o proxecto **BASKET NA RÚA**.



Mauricio Repetto, Concelleiro de Deporte e Xuventude, e Salva Arco, Director da Fundación, presentando o proxecto no Barrio da Milagrosa.

Un proxecto deportivo e social que puxo en valor alternativas de ocio saudables para rapaces e familias residentes nos barrios da **Milagrosa, Fingoi e Sagrado Corazón**. Ofrecimos unha actividade de ocio alternativa que fomenta a práctica deportiva e máis concretamente o baloncesto, un deporte con claros valores inclusivos, de superación, igualdade, compañeirismo e traballo en equipo.

Destinamos 1 mes a cada barrio, cada sábado, de 10:30h a 13:30h, empezando o 9 de Abril no barrio da Milagrosa (Praza da Milagrosa) e rematando o 24 de Xuño no barrio do Sagrado Corazón. A actividade buscaba ocupar e divertir a todos aqueles nenos/adolescentes (de entre **12 e 17** anos) que os sábados pola mañán non dispoñen de alternativas de ocio. E así favorecer a interacción entre pais e fillos mediante a práctica deportiva, fomentar un ambiente saudable e como prevención a outro tipo de hábitos no recomendábeis, achegar e dar a coñecer o baloncesto, aumentar a seguridade e a confianza dos participantes, fomentar a convivencia e a sociabilidade, etc.

Todo isto dirixido pola Fundación Breogán, que grazas á financiación e organización do Concello de Lugo (a través do seu programa +XTI, dentro do área de Xuventude e Deporte) puxo a disposición dos participantes todo o necesario para que gozasen ó máximo de máis de 3 horas lúdicas con adestradores de baloncesto, monitores de ocio e tempo libre, agasallos para tódolos participantes, concursos, xogos, inchables, xogadores do C.B Breogán e moitas sorpresas máis.



Ligazóns ós video-resumos de:

A MILAGROSA <https://youtu.be/2GNdQ20ZbLg>

FINGOI <https://youtu.be/9FxfN51TIW8>

SAGRADO CORAZÓN <https://youtu.be/bO43bC93uVU>





O inchable, tamaño XXL, fixo as delicias dos inscritos/as e formou parte, cada sábado dunha das estacións de traballo.

datos

435 rapaces/as inscritos.

Máis de 600 participantes, entre familiares, nenos/as e adolescentes.

12 días de actividade.

Máis de 40 horas de baloncesto, xogos, competicións e diversión.

120 camisetas, mochilas e balóns de agasallo para os inscritos.

80 invitacións para ver os partidos do **C.B. Breogán**.

40 camisetas de agasallo do C.B. Breogán edición limitada Arde Lucus.

Froita e **OptiPros** para tódolos inscritos, tódolos días.

Visita de xogadores como **Dzanán Musa, Jordan Sakho**, os irmáns **Quintela, Iván Cruz, Agustín Ubal**...e a mellor mascota da Liga ACB, **MÁXIMUS**.

Actividade ó aire libre.






TORNEO 3X3 NA RÚA

O 25 de Xuño tivo lugar o **I Torneo 3x3 Na Rúa** da **Fundación Breogán**. Un torneo de baloncesto en modalidade 3x3, dirixido ás categorías inferiores (de 11 a 18 anos) e que tivo como escenario as pistas exteriores do Pazo Dos Deportes e, posteriormente e por causa da choiva, o seu pavillón anexo.

Un torneo que buscaba devolver a esencia do baloncesto 3x3 a Lugo, e con isto, a normalidade post pandemia. Competir na rúa, fronte a dúcias de espectadores e facelo rodeados de amigos, compañeiros de equipo e amantes do baloncesto.

A jornada prolongouse todo o día. Dende as 10 da mañá cando empezaron as fases clasificatorias, ata as 8 do serán, cando se xogaron as diferentes finais de cada categoría. Un total de 19 equipos, divididos en 3 categorías e con equipos masculinos e femininos gozaron dun evento que lles facilitou todo o necesario para espremer ó 100% un día de moito baloncesto.

Foto de "familia" dos participantes a este I Torneo 3X3 na Rúa para categorías inferiores da Fundación Breogán. Unha festa do basket de rúa.



datos

19 equipos.

76 inscrites/as.

3 categorías. Infantil masculino, cadete/junior masculino e cadete/junior feminino.

Agasallo dunha camiseta personalizada do Torneo para cada participante.

Trofeo e medallas para os equipos gañadores.



Vídeo resumo do torneo:

<https://youtu.be/w9wxSLLsEgM>



EXPERIENCIA BREOGÁN

Experiencia Breogán é un dos proxectos do 2022 que máis nos emocionou e do que máis orgullosos nos sentimos. É un proxecto social, inclusivo e que pretende dar visibilidade ao labor de aquelas entidades, asociacións e fundacións que loitan cada día para mellorar a calidade de vida das persoas que máis o necesitan. Colectivos con diferentes tipos de limitacións, xa sexan físicas ou mentais, colectivos vulnerables e/ou que estean en risco de exclusión social foron algúns dos grupos que participaron neste proxecto.



Usuarios de COGAMI, presencian un partido do C.B.Breogán, dende a zona VIP da Fundación, no Pazo dos Deportes.

Tres actividades que se desenrolan durante unha mesma semana. Para isto, contamos coa excepcional e imprescindible colaboración do **C.B.Breogán**, de **Guido Álvarez** (o mellor Guía Turístico de Lugo), das distintas entidades coas que traballamos e das nosas empresas benefactoras, as encargadas de elixir as entidades que gozaron deste proxecto. En qué consisten estas tres actividades?





EXPERIENCIA PAZO

Unha pequena comitiva da entidade escollida, formada por empleados, traballadores, equipo directivo e usuarios da mesma, realiza unha visita ó Pazo Dos Deportes.



Usuarios e responsables de AFALU Alzheimer Lugo posan xunto ós xogadores e técnicos do C.B. Breogán durante a súa visita ó Pazo.

No templo do **C.B.Breogán**, son **Guido Álvarez** xunto con **Salva Arco**, os encargados de descubrir todos aqueles recunchos imprescindibles para o desenrolo da actividade do Club (*as oficinas, o corredor da fama, vestiarios, sala de fisioterapia, sala de prensa, zona de trofeos, zona vip, etc.*) e así dar a coñecer de primeira man o seu funcionamento e como é o día a día na vida dun deportista profesional.

A visita ten unha duración de entre hora, e hora e media, e remata da mellor maneira posible, presenciando a pé de pista o adestramento do **C.B.Breogán**. Unha vez rematado o adestramento, os xogadores e os usuarios da entidade comparten uns minutos de charla, fanse a fotografía oficial da visita e se lles obsequia a tódolos asistentes cunha camiseta da **Fundación Breogán** e unha bufanda do **C.B.Breogán**.



EXPERIENCIA ENTIDADE

Nesta segunda actividade, son algúns dos xogadores do **C.B.Breogán** e o seu corpo técnico, así como membros da Fundación, os que visitan as súas instalacións. Nesta visita, buscamos coñecer *in situ* aqueles problemas, dificultades, obstáculos que impiden desenrolar unha vida normal ós usuarios da entidade, e desta forma, que todos sexamos un pouco máis conscientes da importancia que ten o seu labor.

Pretendemos que a sociedade, grazas ó exemplo diario destas entidades, amose a realidade de personas que loitan a diario contra enfermidades que moitas veces pasan desapercibidas.



Dzanan Musa, Sergi Quintela, Guido Álvarez, Salva Arco e Manuel García Rielo, na visita ó centro de día de AFALU Alzheimer Lugo.



Agus Ubal, Marko Lukovic, Salva Arco e Miguel Ángel Gil (*Grupo Ditrám*), posando nas instalacións de ALUME Saúde Mental.

Parte fundamental deste proxecto consiste en dar visibilidade ó traballo e ó labor que fai a entidade seleccionada.

DÍA DE ENCONTRO

Para rematar EXPERIENCIA BREOGÁN, convidamos á entidade a un dos eventos deportivos por excelencia en Galicia e un dos máis representativos do baloncesto estatal, un encontro do C.B.Breogán. Queremos que vivan a pé de pista un partido da Liga ACB, que gocen do "*Bella Ciao*" en directo, ver ós xogadores competir, celebrar as canastras... En definitiva, facerlles sentir ó 100% o sentimento breoganista.



A Banda de música do Concello de Antas de Ulla presenciando o encontro C.B.Breogán vs Valencia Basket.




O cumio desta experiencia ten lugar na media parte do encontro, cando o noso Director da Fundación e o máximo responsable da empresa benefactora, entregan ó responsable da entidade eleixida un recoñecemento ó seu excepcional labor. Esta entrega faise no centro da pista, baixo a atenta mirada de tódolos asistentes ó encontro, e onde un caluroso aplauso agradece, unha vez máis, o gran labor social da entidade.



E todo isto sen esquecer o noso principal obxectivo, visibilizar o traballo da entidade. É por isto que lles cedemos o *stand* do que dispón a Fundación no Pazo. Alí poden darse a coñecer e informar sobre o seu labor ós máis de **5.000** afeccionados que asisten a cada encontro do equipo.



Ó marxe destas tres actividades, e de maneira transversal, noméase a semana da entidad nas redes sociais. Isto implica que durante cada día faise unha publicación distinta informando sobre o labor da entidade, reforzando así a súa visibilización e exposición pública. E non só iso, senón que grazas a **Lecer Audiovisual**, cada unha destas tres actividades foi filmada para, unha vez rematado o proxecto, elaborar un vídeo resumo de toda a experiencia.



datos

Viviron a Experiencia Breogán: **COGAMI - RAIOLAS LUGO - AFALU LUGO - ALUME SAÚDE MENTAL - EBM ANTAS DE ULLA**
 Empresas benefactoras participantes: **IBERSYS - TRANSPORTES VALÍN - CLÍNICA GARCÍA RIELO - DITRAM AUTOMOCIÓN - PAZO DE VILANE**
 Xogadores que visitaron os centros das entidades: Dzanan Musa, Iván Cruz, Jordan Sakho, Sergi Quintela, Erik Quintela, Tyler Kalinoski, Marko Luckovic, Agustín Ubal e Jonathan Kasibabu.
 Máis de **70** usuarios das distintas entidades realizaron o *Tour* polo Pazo Dos Deportes.
 Máis de **50** publicacións en redes sociais sobre Experiencia Breogán e as súas entidades participantes.
 Actividade gratuita.



Ligazóns a cada un dos video-resumos do proxecto:

COGAMI <https://youtu.be/iL6ceEVDfeE>

AFALU LUGO <https://youtu.be/huyFRuBJLjU>

RAIOLAS LUGO <https://youtu.be/pkqixDQiogM>

ALUME SAÚDE MENTAL <https://youtu.be/KI1Av9qoUQg>

ESCOLA B. MÚSICA ANTAS DE ULLA https://youtu.be/l1bH_AecYek



LUZ Ó DEPORTE

A esencia dos nosos obxectivos deportivos, tal e como detallamos ó inicio da memoria, reside en fomentar e inculcar os valores do deporte entre tódolos sectores da sociedade lucense. Divulgar e promover o deporte co fin de acadar hábitos saudables de práctica deportiva, incidindo sobre todo, na importancia que teñen os máis novos neste contexto.

É por isto que Luz ó Deporte é o proxecto que mellor representa esta definición. Un proxecto que busca empregar p deporte e os seus protagonistas como ferramenta para dar a coñecer todo o que conleva ser deportista de élite. Visibilizar certos temas tabúes no mundo do deporte profesional, ó mesmo tempo que potenciar todos aqueles valores e actitudes que poidan influir de maneira positiva na educación dos nosos ointes.

Luz ó Deporte é un proxecto que iniciamos en Setembro do 2022. Consta de 5 charlas/entrevistas realizadas a deportistas profesionais ou ex profesionais de gran relevancia no noso entorno e a nivel nacional. Con isto queremos dar a coñecer esa parte B do deporte que non sempre sae por televisión ou na prensa deportiva, e que moitas veces queda no esquecemento por non ser tan mediática. Queremos que os adolescentes coñezan de primeira man os esforzos que require acadar calquera logro na vida, que hai tras dunha lesión grave, a importancia dos estudos, como o deporte pode axudar a calquera persoa a saír de situacións de *bullying*, depresións, illamento social, etc.



Nesta primeira edición de Luz ó Deporte, contamos con Iñaki Zubizarreta, Sara Álvarez, os irmáns Quintela e Tito Margaride.

datos

5 poñentes: Iñaki Zubizarreta, os irmáns Quintela, Sara Álvarez e Tito Margaride.

5 charlas.

Máis de 400 adolescentes por charla.

4 institutos inscritos: IES PULPEIRO - IES SANXILLO - IES MURALLA ROMANA - IES ÁNHEL FOLE

As charlas tiveron lugar no salón de actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.

Actividade gratuita.

Colaboración de Abanca e a Xunta de Galicia.



IÑAKI ZUBIZARRETA


Ex xogador profesional de baloncesto. Estivo en equipos como o Baskonia, Caja Bilbao, CAI Zaragoza, Valencia, Tenerife e Huelva. Iñaki foi unha vítima máis dos millóns que hai de acoso escolar, por isto, é un exemplo máis que autorizado para trasladar a súa experiencia e que o seu testimonio afonde entre os alumnos e mestres. Conta nas súas charlas que con 11 anos foi illado dos seus compañeiros por unha profesora que tiña medo de que puidera mancalos por ser extraordinariamente alto e forte. Sen embargo, fora da aula, Zubizarreta sufría todo tipo de vexacións por un grupo de compañeiros que o levaron a pensar en quitala vida.

Por fortuna, puido desenrolar todo o seu talento no mundo do baloncesto, deporte no que chegou a ser xogador profesional na Liga ACB e gañar a Copa do Rei en 1998. A día de hoxe colabora tamén coa ACB na campaña “Actuamos Contra el Bullying”, acudindo a colexios e institutos para impartir charlas de sensibilización entre os máis xóvenes.

Iñaki realizou dúas charlas o 19 de setembro, a primeira delas enfocada a adolescentes de entre 12 e 18 anos onde se tratou o tema do *Bullying* dende todas as súas vertentes, e a segunda, única e exclusivamente para pais, adestradores e profesores. Tamén e aproveitando a súa experiencia no mundo do deporte, falouse da relación entre deportistas e pais nas categorías de formación.

Iñaki durante a primeira das dúas charlas que ofreceu ós alumnos de varios institutos da cidade de Lugo.





 Vídeo resumo da charla:
<https://youtu.be/Rs3noDOnO2c>

Javier Arias (Xunta de Galicia), Zaira Dapena (Abanca), e Salva Arco (Fundación Breogán) ó remate da charla.



TITO MARGARIDE



Tito é un exemplo de vida e de superación. Nado en Lugo (A Pontenova, 1967), destacou sempre pola súa gran capacidade atlética, pero non foi ata mediados dos 80, cando grazas a Mario Castiñeira, médico traumatólogo e atleta, cando empezou no mundo do atletismo.

A súa progresión foi meteórica, xa a comezos dos 90 e coas Olimpíadas de Barcelona na mente, competía con algúns dos mellores atletas da historia do noso país (Abel Antón, Martín Fiz, José Luis González, Anacleto Jimenez, Carlos Adán, etc.).

Desta maneira, e da man do seu adestrador Mario Castiñeiras, Tito optaba a acadar a marca que lle dese o pase a Barcelona 92, pero desta vez, o destino impediullelo. En Budapest, no derradeiro mitin clasificatorio para competir nas únicas olimpíadas españolas da historia, Tito sufriu un ictus mentras se preparaba para competir, e con isto, o seu soño olímpico se desvaneceuse.

E ahí é onde comeza a verdadeira historia de superación e resiliencia de Tito. E é que Tito recuperouse de maneira exemplar, superou a enfermidade e as súas secuelas e convertiuse de novo nun referente para o deporte lucense, galego e nacional nas competicións paralímpicas. Participou en dúas Paralimpiadas: Atlanta 1996, sétimo en 5.000m e Sidney 2000, sendo medalla de bronce nos 1.500m e oitavo nos 800m.

Dende a Fundación Breogán estamos plenamente convencidos de que estas historias deben coñecerse e deben ser contadas. Por isto, o pasado 17 de outubro, Tito compartiu a súa experiencia e testemuña cos máis de 350 alumnos que estiveron no salón de actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo. A súa mensaxe foi clara, no deporte, non todo son os éxitos e as vitorias, senón que, o máis importante, é saber erguerse e volver a intentarlo despois de cada caída.



Acompañado polos seus familiares, Salva Arco e Manuel Cadramón, o brillante deportista deu a todos unha "master class" de humildade e resiliencia.



SARA ÁLVAREZ

Sara é lucense, judoka e campioa de España por 14 veces dende infantil ata senior. Antes da grave lesión que sufriu nos Mundiais de Judo de Budapest, Sara ocupaba o posto número 29 no ranking mundial e o 2 posto no ranking nacional. No seu palmarés deportivo atopamos varios campionatos e subcampionatos de Europa, así coma o título de "Maestra Nacional de Judo".

A nivel académico, Sara dispon do Grado Superior de Deseño Gráfico. Entre as súas virtudes destacan a loia incansable e o desexo de superación ante as adversidades, feito que ten máis que demostrado en varias ocasións ao recuperarse de lesións de gran gravidade.

É por isto, que deste tipo de deportistas, podemos e debemos aprender moito. Cómo se prepara un deportista de élite nun deporte individual e pouco mediático, canto costa e cales son os sacrificios que hai que facer para chegar a tal nivel de excelencia deportiva, cómo se supera cada un dos contratemplos en forma de lesións, cómo se compaxinan o deporte profesional cos estudos, cales son os retos e obstáculos que hai que afrontar no día a día, a importancia de ter un plan "B", a parte psicolóxica dun deportista de élite etc., foron moitos dos temas que Sara compartiu da súa experiencia cos asistentes á súa charla.



 Vídeo resumo da charla
https://youtu.be/vpfK_f5GiYw



Sara durante a súa comparecencia, conducida e presentada por María Nieto. A súa ponencia xenerou múltiples preguntas ao finalizar a charla.



ERIK E SERGI QUINTELA

Os irmáns Quintela representan o soño de calquera neno/a lucense afeccionado ao baloncesto: chegar a xogar co C.B.Breogán na máxima categoría do baloncesto español.

Non é nada doado e incluso poderíamos dicir que case imposible triunfar da maneira que o están facendo eles na súa terra, pero aínda menos habitual é o feito de que se convertesen en auténticos símbolos do sentimento breoganista.

Na charla que protagonizaron e que foi dirixida pola xornalista María Nieto, contáronnos tódolos sacrificios que tiveron que facer ata transformar o seu soño en realidade. Detrás de todos eses éxitos, existe unha palabra coa que se identifican ao cento por cento, TRABALLO. Quixemos que os escolares que nos acompañaron, coñecesen de primeira man esa cultura do esforzo que levan por bandeira ao longo de tantos anos, e que mellor forma de facelo que da man dos seus ídolos.



 Vídeo resumo da charla
<https://youtu.be/maOApLedWWA>

Os irmáns Quintela, símbolos do breoganismo.



Sergi e Erik Quintela pecharon este ciclo de charlas no mes de decembro de 2022.

Sen dúbida foi un brillante colofón xa que a súa historia persoal e deportiva, é amplamente coñecida xa non só para os afeccionados ao baloncesto e ao C.B. Breogán, senón para calquera lucense.

Aínda así, a súa charla deixounos moitas anécdotas e detalles da súa loita por acadar o éxito que a maioría descoñecemos.



PREVENCIÓN DE ADICCIÓN



Denís Fernández, Psicólogo do C.B. Breogán, foi un dos encargados de impartir as charlas ós mozos e mozas das categorías base do baloncesto lucense.

A Fundación Breogán colaborou xunto con **Iván Pico Psicología** nun ciclo de charlas coordinadas e financiadas polo Concello de Lugo, concretamente polo Área de Xuventude e Deportes.

Os psicólogos **Iván Pico** e **Denís Fernández** (psicólogo do C.B. Breogán na tempada 21/22), xunto co noso director **Salva Arco**, impartiron unha serie de charlas dirixidas a diversos clubs deportivos de base da cidade de Lugo.

A temática principal das charlas centrouse na concienciación e prevención de adiccións, tanto comportamentais como de substancias, sendo a poboación obxectivo destas charlas, ós xóvenes deportistas de entre 12 e 16 anos aproximadamente.

Clubs de distintas disciplinas deportivas e máis de cen deportistas de diferentes idades foron os beneficiarios dos coñecementos, formación e consellos de dous psicólogos expertos na prevención de adiccións e da experiencia como deportista profesional de **Salva Arco**. Sen dúbida, unha actividade de gran valor social e moi axeitada para os adolescentes de hoxe en día.

datos

CB Estudiantes (40 persoas)	Fundación Dignidade (40 persoas)
Ensino Lugo (60 persoas)	CN Portamiñá (50 persoas)
CB Galén (40 persoas)	
CD Lugo (50 persoas)	
SCD Milagrosa (30 persoas)	
CUD Ferroviaria (30 persoas)	
Ribeira FS (40 persoas)	
	Total entidades: 10
	Total participantes: 400





DOAZÓN BENÉFICA



Afalu Alzheimer Lugo, foi a entidade beneficiaria da doazón benéfica anual da Fundación Breogán.

Dende a Fundación Breogán realizamos anualmente unha doazón económica a unha das entidades coas que se traballou durante o ano en curso, sendo os propios socios benefactores da Fundación os encargados da súa elección.

Este ano, a entidade beneficiaria foi **AFALU Alzheimer Lugo**, que obtivo un 50% dos votos dos nosos socios benefactores.

Realizou a simbólica entrega do talón un dos patróns da Fundación, D. Alfonso Orol e recolleu o mesmo Dona Iria Franco, Vicepresidenta de Afalu. O acto tivo lugar o día 27 de decembro, no descanso do encontro entre o C.B. Breogán e o Cazoo Baskonia, no Pazo dos Deportes de Lugo diante de máis de 5.000 espectadores.

Con isto, e a maiores da visibilidade que demos durante todo este 2022 a distintas asociacións, tamén queremos que a entidade beneficiaria poida dispor dunha cantidade económica para destinar en favor dos seus usuarios. Ninguén mellor que eles coñecen as necesidades diarias dos seus centros, e agardamos que con esta axuda, poidan contribuir a seguir mellorando a calidade de vida de aqueles que máis o necesitan.

O importe económico destinado a esta actividade benéfica obtívose dos beneficios recadados durante o encontro amigable que se disputou o pasado 8 de setembro entre o **C.B. Breogán** e o **F.C. Porto**. Un encontro amistoso que se disputou no Pavillón Municipal de Lugo e no cal p **Concello de Lugo** e a Fundación Breogán foron os organizadores.



Cartel do encontro amigable do día 8 de setembro de 2022, cuxa recadación foi destinada integramente á entidade benéfica escollida.

ORGANIZA: CONCELLO DE LUGO
COLABORA: FUNDACIÓN BREOGÁN



datos

1.545 espectadores, sin contabilizar menores de 5 anos que entraban de balde.

O beneficio recadado e que foi directamente á organización benéfica foi de **2.500€**

Aunque secundario, o C.B. Breogán acadou unha ampla victoria por 70-43 ante un complicado F.C. Porto.

Os recoñecementos foron entregados por **Lara Méndez** (Alcaldesa de Lugo) e **Carmen Lence** (Vocal da Fundación)

Primeiro encontro do **C.B. Breogán** en Lugo nesta pretemporada.

O encontro serviu tamén para presentar a nueva equipación desta temporada.



NINGÚN ARO SEN REDE


Ningún Aro Sen Rede, é un proxecto da Fundación Breogán en colaboración coa **UNED Lugo** e **ECOBALLUTION**. O seu inicio coincidiu co do curso escolar 2022 e nace dunha idea moi sinxela, acadar as sinerxias necesarias para proveer a aqueles centros escolares que así o soliciten de redes de baloncesto artesanais, recicladas e sostibles.

Unha pequena acción que, mediante o seu desenrolo e execución, quere ser exemplo de economía circular, respetando e fomentando algúns dos principios e valores da **Axenda 2030 da ONU**. Para isto, tanto as características coma os obxectivos deste proxecto son moi claros:



Ana Traseira, Dir.^a da Uned de Lugo, Salva Arco, Dir. da Fundación Breogán e Carlos Martínez, Fundador de Ecoballution na presentación do proxecto.

- Dotar a todos aqueles centros que así o soliciten de redes de baloncesto artesanais, recicladas e sostibles (*Econet Baloncesto Oficial de ECOBALLUTION*). En base á nosa experiencia nas visitas a colexios e como expertos en baloncesto, detectamos que hai moitos centros escolares que non dispoñen de redes para as súas canastras ou que están deterioradas. Se queremos contribuir a garantir unha vida sa e promover o benestar en todas as idades, algo que é esencial, nunha sociedade cada vez máis sedentaria e na que os índices de obesidade infantil son cada vez máis elevados e preocupantes, temos que incentivar e proporcionar ós máis novos as mellores condicións para que poidan desenrolar as súas habilidades. Por isto, estamos convencidos de que coa mellora das súas instalacións para a práctica deportiva, no noso caso as canastras, contribuiremos a que teñan máis alicientes para desenvolverse no mundo do deporte. *Obxectivo de Desenrolo Sostible da ONU número 3.*



Video resumo presentación:
<https://youtu.be/OSswvDVSKJ0>



• Fomentar a reciclaxe, a reutilización e o consumo responsable. Cada centro de ensinanza que se subscriba a este proxecto, deberá de facelo cunhas condicións. Porque outro dos nosos obxectivos é concienciar ós máis novos da importancia das actividades de prevención, redución, reciclaxe e reutilización. Para isto, proporcionaremoslles unha serie de contedores que lles servirán para a reciclaxe de material escolar. Unha reciclaxe que se fará grazas ó programa de reciclaxe de **TERRACYCLE**. *Obxectivo de Desenvolvemento Sostible da ONU número 12.5.*



Contedor de reciclaxe cedido ós centros escolares adheridos ó proxecto.

• Creación das alianzas e sinerxias indispensables para transmitir a nosa mensaxe, que chegue ó noso público obxectivo (todos aqueles escolares que son o futuro do noso planeta) e sermos útiles. Para isto, xuntámonos **Fundación Breogán**, **UNED Lugo** e **ECOBALLUTION**. Cada un dende a súa posición, imos ser os encargados de levar a cabo este proxecto. A Fundación Breogán como entidade executora, que promove e fomenta o baloncesto, o deporte e a vida sa. UNED Lugo, como centro de ensinanza de referencia na provincia de Lugo e polo seu claro compromiso co medio natural, fomentando os valores e principios de sustentabilidade recollidos na Axenda 2030 e no Pacto Verde Europeo. E finalmente ECOBALLUTION, a empresa encargada de suministrarnos cada unha das obras de arte en forma de rede de baloncesto fabricadas con redes procedentes de residuos mariños. Comprometidos co medio ambiente e coa sustentabilidade, garanten o equilibrio entre crecemento económico, coidado do medio ambiente e benestar social. *Obxectivo de Desenvolvemento Sostible da ONU número 14 y 17.*

E con isto temos o pleno convencemento de poder contribuir a mellorar a nosa sociedade. Primeiro concienciando aos máis novos, que son o noso futuro, da importancia da práctica deportiva e de levar unha vida sa. E segundo, de amosarlles que é posible facelo coidando do noso entorno, do medio ambiente e aprendéndolles a importancia de reciclar, reutilizar e dun consumo responsable.





CPR DIVINO MAESTRO DE LUGO

Primeiro centro escolar que se suma a esta campaña da **Fundación Breogán** xunto coa **UNED de Lugo** e **Ecoballution**. No pequeno acto de entrega estiveron presentes **Salva Arco**, que lles explicóu aos nenos e nenas presentes en qué consiste o proxecto; o seu profesor de educación física e un convidado de excepción, o xogador do C.B. Breogán **Luka Brajkovic**.



O CPR Divino Maestro, primeiro en lucir as *econets* nos seus aros e o contedor nas súas aulas.

Arrancamos desta lúdica forma, a tarefa de sensibilizar a través dos máis novos e dos seus educadores, da importancia que ten este proxecto para o medio ambiente.





CEIP OTERO PEDRAYO DE RÁBADE

O CEIP Otero Pedrayo de Rábade foi o segundo centro que se sumou ó noso proxecto.

Salva Arco xunto coa Directora da Uned de Lugo, Ana Traseira, explicaron aos alumn@s de 5º e 6º de Primaria en qué consiste **Ningún Aro Sen Rede** e todo o seu proceso.

A maiores, fixeron entrega de 6 redes *Econets*, un contedor de reciclaxe e lapiceiros procedentes de materiais reciclados (cortesía da Uned Lugo).



Un dos momentos máis divertidos de cada visita chega cando, unha vez colocadas as redes, toca "probalas".

Para isto, fanse distintos xogos e competicións onde os alumnos/as poñen a proba o seu nivel de baloncesto e acadan distintos agasallos da Fundación Breogán.

Os rapaces e rapazas de Rábade, ó remate da visita posan coas súas novas redes e os agasallos da Uned e da Fundación.



Video da visita:

<https://youtu.be/1m8Fc2lwfTg>

CEIP PLURILINGÜE DE MONTERROSO

Non existe unha idade mínima para ter sensibilidade medioambiental. De feito, canto antes se eduque sobre a importancia da cultura medioambiental e a súa repercusión no noso planeta, máis conscientes serán as nosas futuras xeracións sobre esta problemática.

Por isto, na nosa visita a Monterroso dirixímonos aos alumn@s de 2º de Primaria. Eles e elas son a base sobre a que hai que traballar para facer unha sociedade comprometida coa economía circular e coa necesidade de coidar do noso planeta.



Acompañando a Salva Arco estiveron a directora do CEIP, Miriam Paz e algúns profesores.



Primeiro a charla explicativa e de sensibilización do noso Director e despois dan comezo as "competicións".

Os rapaces de Monterroso tomáronse tan en serio unha cousa coma a outra.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL FINGOI 2

O interés despertado por este proxecto foi moi grande entre practicamente tódolos centros educativos de Lugo. O seguinte en sumarse foi o Centro de Educación Infantil Fingoi 2, en Lugo cidade.

Tanto os 30 nenos e nenas que acudiron á actividade como as súas profesoras, amosáronnos que son uns auténticos "basket lovers" e uns apaixonados do C.B. Breogán. Se a isto lle sumamos a súa sensibilización medioambiental, a combinación resulta perfecta.



Un dos "atractivos" adicionais de cada visita, é a presenza de xogadores profesionais de baloncesto do C.B. Breogán. Nesta ocasión, acompañounos a Fingoi **Sergi Quintela**, que compartiu cos *pequechos* (e as súas profesoras) unha sesión moi divertida.

Na visita estiveron presentes a D^a da UNED, Ana Traseira, o Director da Fundación, Salva Arco e o gran Sergi Quintela.





CEIP ROSALÍA DE CASTRO

Quinto centro educativo que se suma ó proxecto no que imos da man coa UNED de Lugo e Ecoballution.

Os rapaces e rapazas do CEIP Rosalía de Castro de Lugo, recibiron así de contentos as redes recicladas #Econets para as súas canastras e o contedor de reciclaxe de instrumentos de escritura.

Para a comprobación de rigor das novas redes contamos coa presenza do xogador do C.B. Breogán, Víctor Arteaga, ben asistido iso sí, por tódolos alumnos e as súas profesoras, que participaron activamente nas distintas actividades propostas.



Os rapaces e rapazas do Rosalía de Castro ó remate da actividade cos seus agasallos e recordos da Fundación e do C.B. Breogán.



Coma sempre, Salva Arco e Ana Traseira, foron os encargados de explicar en qué consiste o proxecto.

Despois das competicións e dos agasallos ninguén quixo deixar pasar a oportunidade de levar o póster asinado por Víctor Arteaga,



COLEXIO DIOCESANO SAN LORENZO

Pechamos as visitas no que respecta ó ano 2022 acudindo ó Colexio Diocesano San Lorenzo en compañía de outro xogador do C.B. Breogán, Sergi García.

Sergi amosoulle aos nenos/as as súas capacidades como tirador e cando chehou o seu turno déronse de conta de que noe era tan doado como en principio semellaba.



Estamos moi orgullosos de ter chegado co noso proxecto a seis centros escolares de Lugo capital e provincia. Ó longo de 2023 continuaremos levando a nosa proposta ecolóxica e deportiva a máis colexios, en moitos deles xa temos citas pechadas.

Foto "de familia" da derradeira visita do ano, coma sempre presidida polo contedor de reciclaxe que xa é un membro máis do Colexio San Lorenzo.





MINI COPA ENDESA

A Fundación Breogán representou ó C.B. Breogán na FASE PREVIA da MINI COPA ENDESA da temporada 22/23. Considerada como unha das máis prestixiosas e mediáticas competicións de formación do Baloncesto Español, unha selección de xogadores de toda a provincia de Lugo tivo a oportunidade de levar o nome de LUGO e de GALICIA con gran dignidade e amosando uns firmes valores deportivos e humanos. Unha experiencia única e inesquecible para calquera xogador.



A selección que participou na edición da Fase Previa da Mini Copa da Liga Endesa de 2022.



A selección que participou na edición de 2021 (aínda sen a denominación Fundación Breogán) ó remate dun encontro na Alquería do Basket (Valencia).



O combinado que representou á Fundación Breogán e ó C.B. Breogán, é froito dunha selección realizada entre tódolos rapaces de categoría infantil dos clubs de baloncesto da provincia de Lugo. Ó adestramento acudiron 40 xogadores.

Na parte técnica, estiveron **Salva Arco**, como coordinador do adestramento, **Marga Rodríguez** e **Diego Villadóniga**, primeira e segundo adestrador do equipo da Mini Copa Endesa, e **Adrián López**, adestrador da Fundación Breogán.

Tamén contamos cun cadro técnico de auténtico luxo e de nivel ACB, o do C.B. Breogán: **Rubén Portes**, preparador físico do equipo e os adestradores **Veljko Mršić**, **Fernán Varela** e **Javier Muñoz**, non quixeron perderse o adestramento do futuro do noso baloncesto.



Presenciando o adestramento contamos coa presenza de D. **Javier Arias Fouz** (Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo), Dña. **Lara Méndez López** (Alcaldesa do Concello de Lugo), **Tito Díaz** (Director Xeral do C.B. Breogán), D. **Efrén Castro** (Deputado de Deportes da Diputación de Lugo) e Dña. **Ana González Abelleira** (Deputada provincial do PSdeG-PSOE e concelleira do Concello de Lugo).



datos

O nome do equipo foi **FUNDACIÓN BREOGÁN**.

Xogaron coas mesmas equipacións que emprega o C.B. Breogán na Liga Endesa, pero cos logos das institucións e empresas benefactoras da Fundación.

A expedición estivo formada polo noso director, **Salva Arco** (responsable da expedición), primeira adestradora Marga Rguez., e segundo adestrador Diego Villadóniga.



O equipo definitivo estivo formado por Julián Segura, Dimas Camino López, Iker Trillo, Lucas López, Ethan Chauhan, Hugo Fernández, Pablo Bermúdez, Pablo González-Granxeiro, Adrián Rodríguez, Pablo Taboelle, Lucas Corral, Jacobo Méndez, Sergio Varela e Sergio Bermúdez.



"Gañar significa xogar en equipo, se non xogamos en equipo nunca gañaremos". As palabras de Marga resoarán durante moito tempo e representan a esencia do baloncesto de formación.


A experiencia no puido ser máis satisfactoria e emocionante. Deportivamente eramos coñecedores do altísimo nivel da competición e os resultados dos encontros non foron favorables.

Pero o deporte, o baloncesto vai moito máis aló dos resultados. Vai de calidade humana, vai de ensinar valores e trasladalos fora do terreo de xogo e comprender a responsabilidade de representar ó C.B. Breogán.

Neste ámbito tódolos nosos xogadores estiveron á altura dos mellores.

Boa proba disto é que se por algo se vai lembrar o paso do equipo da Fundación Breogán pola Mini Copa Endesa, vai ser polas palabras da nosa adestradora (la única muller de tódolos equipos) Marga Rodríguez, nun intre dun dos partidos.

O momento foi captado en vídeo polo equipo de comunicación da ACB e viralizouse nas redes sociais, acumulando ata o de agora máis de 510.000 visualizacións.






COLABORACIÓNS

Son moitos os proxectos desenrolados durante este 2022. A gran maioría deles foron proxectos propios, pero como veremos a continuación, tamén realizamos varias colaboracións. Estivemos presentes no día a día da sociedade lucense, colaborando con entidades, participando en eventos e poñendo o noso gran de area en outras actuacións de entes da provincia. Algunhas destas colaboracións foron:

LIBRO "LÍDERES ANOTADORES"

Sendo fieis á nosa identidade e en base ós nosos fins fundacionais, dende a Fundación Breogán colanoramos, xunto co **C.B.Breogán** e a **Deputación de Lugo**, no lanzamento de **LÍDERES ANOTADORES**. Un libro escrito por Ovidio González, Óscar Losada, Roberto Prado e Luís Timiraos, catro xornalistas cun longo percorrido no mundo do baloncesto e que agora, e neste libro, contannos a traxectoria dos cinco únicos xogadores que vestindo a camisola do C.B.Breogán foron máximos anotadores da primeira división do baloncesto español.

O libro presentouse o pasado 6 de outubro no Pazo Dos Deportes de Lugo. Na presentación estiveron os 4 escritores, Don Efrén Castro (Deputado de deportes da Deputación de Lugo), Salva Arco (Director da Fundación Breogán), Tito Díaz (Director Xeral do C.B.Breogán) e Alfredo Pérez, ex xogador do C.B.Breogán e un dos protagonistas do libro. A maiores, e como asistentes ó acto de presentación, tamén nos acompañaron os irmáns Quintela e Manel Sanchez.



FAN ZONE C.B. BREOGÁN

A Fundación Breogán foi parte activa das **Fan Zone** que se levaron a cabo durante encontros do **C.B.Breogán** como local. Carpa, stand e bandeiras da Fundación, música, xogos, canastras, monitores e moitos agasallos e concursos que amenizaron a previa dos encontros. Unha maneira de potenciar o sentimento de pertenza ó C.B.Breogán entre a sociedade lucense.





LIGA 3X3 PROGRAMA XOGADE A TERRA CHÁ

Dende a Fundación Breogán entregáronse 10 suadoiros personalizados para os voluntarios da concentración en **Outeiro de Rei**, 5 balóns específicos para a práctica do baloncesto 3x3, 1 camisola de xogo do **C.B.Breogán** da temporada 2019-20 asinada por todo o equipo para entregar como agasallo a cada equipo participante e unha invitación aos máis de 50 nenos/as para acudir a un partido do Breo.



BASKETOLOGY NO CAMIÑO

O noso director **Salva Arco**, xunto con **Ana Regueira**, psicóloga especialista en psicología clínica, realizaron o pasado 24 de xullo unha charla titulada “*¿Qué puede aportar el deporte, en concreto el baloncesto, para normalizar el cuidado de la salud mental?*”. Nela faláron de como o deporte pode axudar a normalizar todo o relacionado coa saúde mental e as deficiencias existentes, a día de hoxe, en relación a este tema.



CONVENIO CON DROCEER EVENTOS

Convenio presentado o 8 de xuño onde asistiron **Ana Ónega**, como Presidenta da ASOCIACION DEPORTIVA E CULTURAL DROCEER e **Efrén Castro**, deputado de deportes da Deputación de Lugo. Desta maneira, a Fundación Breogán, segue desenrolando o seu labor estreitando lazos con aquelas entidades que traballan na promoción dos valores do deporte, tanto de maneira formativa como na organización de eventos que contribúan a elo.





ENCESTA CON NÓS

No marco do plan *Corresponsables* da Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Breogán realiza esta actividade de tecnificación de tiro de balde no Pazo dos Deportes de Lugo.

A primeira delas tivo lugar no mes de decembro de 2022 e a acollida foi absoluta, esgotándose as 50 prazas disponibles en escasas horas.

Durante 3 horas realizáronse diversos exercicios adaptados ás idades dos xogadores (de 8 a 16 anos). A sesión estivo dirixida por Alberto Corbacho e Salva Arco e nela tamén estiveron presentes os adestradores da Fundación, Adrián López, Diego Villadóniga, Chisco López e a voluntaria Sara Hermida.

A parte final da mañá foi o momento para as competicións de triplas, habilidade de tiro e *two ball* e a correspondente entrega de trofeos aos gañadores, para a cal contamos coa presenza do Vicerreitor adxunto da USC, D. Antonio Álvarez.



18 DECEMBRO
Pazo dos Deportes
Lugo
de 10h a 13h



CORRESPONSABLES



ENCESTA CON NÓS
Salva Arco e Alberto Corbacho
XORNADA DE TECNIFICACIÓN DE TIRO para todos os niveis a cargo da FUNDACIÓN BREOGÁN. Nenos e nenas de 8 a 16 anos ata completar prazas*



*Terán prioridade na inscrición:
As familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 40 anos ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos cuidados.
A comunidade universitaria da USC.

ACTIVIDADES DE BALDE CON INSCRICIÓN EN:



CLASIFICACIÓN



INSCRICIÓN:

ENCESTA CON NÓS

TÉCNICA DE TIRO

alberto CORBACHO salva ARCO

PAZO DOS DEPORTES
18 DECEMBRO - 10 A 13
DE 8 A 16 ANOS

Logos: USC, XUNTA DE GALICIA, XACOBEO 21-22, FUNDACIÓN BREOGÁN, CORRESPONSABLES, XACOBEO 21-22, USC



SOPORTES FÍSICOS

Os soportes publicitarios físicos acompañan aos proxectos subvencionados que realiza a Fundación e reforzan a identidade corporativa das empresas benefactoras e das institucións implicadas.

Preténdese abarcar o máis amplo espectro en canto a diversificación e utilidade dos deseños, estando abertos a incluír novos soportes ou formatos no futuro.

STAND E BANDEIRAS



Acompañan tódolos actos e eventos da Fundación. O gran tamaño das bandeiras permite a súa visualización a longa distancia.

PHOTOCALL, CADEIRAS E ROLLUPS



As cadeiras presentan o logo da empresa ou institución benefactora no respaldo e empréganse no Palco VIP da Fundación a pe de pista no Pazo dos Deportes e tamén en calquera tipo de eventos fora do mesmo.

Alguns proxectos inclúen dentro da súa oferta publicitaria a realización dun *photocall* e dun *rollup*, ambos de grandes dimensións.



ESPACIO FUNDACIÓN

O **EsPazo** Fundación é un lugar habilitado no Pazo dos Deportes onde as entidades participantes no proxecto "Experiencia Breogán", informan aos asistentes aos encontros do C.B. Breogán sobre o labor que realizan.

Consta de 3 vinilos de grandes dimensións (6m X 2m) dous deos cales son sendos *Photocalls* con tódalas nosas empresas e institucións benefactoras.

INSTITUCIÓNS E ENTIDADES BENEFACTORAS



ENTIDADES COLABORADORAS



FUNDACIONBREOGAN.ORG



FUNDACIONBREOGAN.ORG





PUBLICIDADE EN PRENDAS DE VESTIR

Os logotipos das nosas institucións e empresas benefactoras, están presentes na roupa dos adestradores e persoal da Fundación.

Ademáis, nalgún dos proxectos os participantes reciben unha equipación personalizada cos logos das institucións e empresas benefactoras. Coma por exemplo temos as *Xornadas de tecnificación*, a *Liga Senior 3X3*, *Basket Na Rúa*, *Máis Que Basket No Rural*, ou o *Torneo 3X3 Na Rúa*, entre outros.

Dende a Fundación Breogán tamén obsequiamos ós nosos socios benefactores coa camisola oficial da Fundación.

Eventualmente, tamén personalizamos cos logos das entidades correspondentes produtos como mochilas (*Basket Na Rúa*), botellas de auga (*Xornadas de Tecnificación*), etc.





OUTROS SOPORTES

Carteis anunciadores dos eventos que foron repartidos por institutos e instalacións deportivas e **flyers** informativos destinados á inscrición de socios benefactores e voluntarios, repartidos no Pazo dos Deportes, completan a oferta publicitaria en soportes físicos para as empresas e institucións da Fundación Breogán.

CALENDARIO TEMPADA 2022 - 2023 C.B. BREGÁN

Requisitos

- Ser maior de 17 anos
- Ser unha persoa activa e acompañada

Beneficios

- Carteira de habilitación
- Seguro de accidentes e S.C.
- Agasallos da Fundación.

FORMULARIO

NOME _____

APELLIDOS _____

TELLENO _____

EMAIL _____

DATA DE NACEMENTO _____

ENDESE _____

E-PRITAL _____

LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____

Proxecto BASKET na rúa

ABRIL
Días 9-16-23-30

BARRIO DA MILAGROSA
Rúa Divina Pastora
COLEXIO DIVINA PASTORA

3 horas de diversión 10:30 / 13:30

- Xogos
- Competicións
- Concursos
- Actividades de baloncesto

AGASALLOS exclusivos

¡GRATUITA!

¡INSCRIBETE!
No empiezas a mesmo día do activarse

PRÓXIMO BARRIO: FINGO
Pista Deportiva diante do CEIP ILLA VERDE

¡APÚNTATE!

que basket no rural!

5 SEMANAS de BALONCESTO

Charlas/coloquio 2

Emprendedoras no rural
hábitos saudables

Concello de Begonte

Inscricións GRATUITAS (40 prazas) - 6 a 15 anos

inscripciones@fundacionbreogan.org
Casa do Concello de Begonte

CHARLA COLOQUIO

Emprendedoras no rural

Conducido por:

Maria Nieto

Nuria Varela-Portas
Xerente de Pazo de Vilane

Carmen Lence
Conseleira Delegada de Río de Galicia

9 de Xuño 2022 18:00
Salón de Actos Casa da Cultura
Avda. de Galicia s/n
CONCELLO DE BEGONTE

Aforo limitado 60 prazas

Reserva de praza en:
inscripciones@fundacionbreogan.org
982 396 143 Concello Begonte

3x3 LIGA SENIOR
FUNDACIÓN BREGÁN

Inscricións:
Prezo: 300€/equipo
Categorías: 2008, 2009, 2010 (MASCULINO E FEMININO)
Idades: MAIORES DE 30 ANOS

INICIO 6 MAIO

Lugar: PAZO DOS DEPORTES (pista principal)

APÚNTATE XA!
www.fundacionbreogan.org

PAVILLÓN MUNICIPAL DE LUGO
08-SEPTEMBRO-2022
20:00h

Amigable internacional

RÍO BREGÁN - FC PORTO

ENTRADA XERAL 5€
MENORES DE 5 ANOS DE BALDE

ENTRADAS A VENDA ONLINE
WWW.FUNDACIONBREGAN.ORG
TAQUILLA O DÍA DE PARTIDO

RECADACIÓN A FAVOR DUNHA ENTIDADE BENÉFICA
ESCOLLIDA POLOS SOCIOS BENEFACTORES DA FUNDACIÓN BREGÁN

25 XUÑO

MAÑÁ e TARDE

3x3 na rúa

PRAZA AUGAS FÉRREAS

CATEGORÍAS
INFANTIL: 2008, 2009 E 2010 (MASCULINO E FEMININO)
CADETE/JUNIOR: 2004, 2005, 2006 E 2007 (MASCULINO E FEMININO)

INSCRICIÓN: 50€ por equipo.

MÁIS INFORMACIÓN: FUNDACIONBREGAN.ORG

SEGURO, CAMISETA TÉCNICA, AUGA, AGASALLOS E PREMIOS PARA OS GANADORES



SOPORTES DIXITAIS

Coa utilización dos soportes dixitais buscamos dar a coñecer e informar de tódalas actividades realizadas a través da Fundación. Por outra banda, tamén aproveitamos o gran impacto actual das redes sociais para ofrecer ás nosas institucións e empresas benefactoras novos puntos de visibilidade, asociando así a súa marca e imaxe a unha organización que traballa no fomento da práctica deportiva e que busca difundir os valores do deporte entre a sociedade.

REDES SOCIAIS

Tódalas publicacións que se realizan nas redes sociais inclúen un marco no cal resaltan os logotipos das empresas e/ou institucións vinculadas a cada proxecto. Ademais, etiquetase e nomease ás entidades en cada publicación e historia.

Na canle de YouTube os logotipos aparecen na pantalla inicial e final de cada un dos videos.



 <https://www.facebook.com/FundacionBreogan>

 <https://www.youtube.com/@fundacionbreogan4933/>

 https://twitter.com/Fund_Breogan

 <https://www.instagram.com/fundacionbreogan/>

PÁXINA WEB

Dende a páxina web realizase unha actualización constante das noticias da Fundación. Na páxina de inicio atópase o apartado destinado aos benefactores, separados en: Institucións Benefactoras, Empresas Benefactoras e Empresas Colaboradoras.

O visitante ten a posibilidade de facer *click* en cada logo e visitar a páxina web de cada unha delas.

 <https://fundacionbreogan.org/>



Todo o que acabamos de ver sería imposible de acadar sen a colaboración, apoio e implicación das institucións e das nosas empresas benefactoras. O noso camiño non tería sentido sen a confianza de todas aquelas persoas que cren no que facemos e apostan por buscar, a través do deporte, dun cambio na nosa sociedade. Nos somos os executores, pero detrás hai moitas persoas que, coas súas contribucións, son o verdadeiro motor da Fundación Breogán.

A todos eles, **GRAZAS**. Seguiremos traballando con honestidade, responsabilidade e entusiasmo para cumprir con tódolos obxectivos marcados.

INSTITUCIÓNS



Concello de Lugo
ALCALDÍA



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA

EMPRESAS BENEFACTORAS

Río
DE GALICIA

**Transportes
VALIN E HIJOS**
www.transportesvalin.com



ibersys

Seguridad y Salud Laboral



DITRAM
GRUPO ANGAL
AUTOMOCION

PAZO DE  **VILANE**
GALICIA



**FORESTAL
PENINSULAR s.l.**



García Rielo
CLÍNICA DENTAL

EMPRESAS COLABORADORAS

**nor
Cont@ct**


UNICOPIA
IMPRESION - ROTULACIÓN Y PACKAGING


Kids&Us
school of english - LUGO


tecgal
energías

arenal



Si desexas formar parte da **FUNDACIÓN BREOGÁN**, xa sexa como empresa ou socio benefactor e ser partícipe de tódolos nosos proxectos, tes a opción de unirse a nós en **www.fundacionbreogan.org**.

Creemos firmemente no deporte como ferramenta de transformación social, contribuíndo así a unha sociedade máis xusta, sa, integradora e onde os máis novos se eduquen na base ós valores como o esforzo, superación, perseverancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade, etc. Sé parte do cambio e da con nós ***o seguinte paso no sentimento*** breoganista.

Moitas grazas.

FUNDACIÓN
Breogán

Ligazón de acceso ó formulario para socios e empresas



<https://fundacionbreogan.org/unete-a-nosotros-como-benefactor>

<https://fundacionbreogan.org/contacto>